

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:53:53

SAIDA **8302/19**

D. Migue Ángel Delgado González  
R/ Juan Castro Mosquera 28 2ª Dta.  
15005 A Coruña

Expediente **RSCTG 92/2019**

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Estimado Sr.:

Acuso a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 14 de xuño, de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia contra a resolución do 11 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral de Medios, que deu lugar ao expediente **RSCTG 92/2019**, ao que lle pego faga sempre referencia nos posteriores escritos que dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013<sup>1</sup>, poño á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira como a que considere necesaria para a tramitación do expediente ([reclamacions@comisiondatransparencia.gal](mailto:reclamacions@comisiondatransparencia.gal))

No caso de que o solicitara, remitiráselle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.


Indícolle que de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, no caso de que exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun procedemento administrativo específico procederáse á inadmisión da reclamación presentada.

En relación á instrución do seu expediente indícolle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indícolle que a preparación do despacho dos

asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión<sup>2</sup>.

Por último, indícolle que a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo: <http://www.comisiondatransparencia.gal/es/resoluciones-comision-da-transparencia/>

Un atento saúdo,

  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia

Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia